

Universidade de Vigo

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Jiménez, Maruxa
Armesto Quiroga, José Ignacio
Bendoiro Mato, Adolfo
Cuevas Alonso, Miguel
González Cespón, José Luis
López-Valeiras Sampedro, Ernesto
Mahou Lago, Xosé María
Meis Solla, Iago
Montero Reguera, José Francisco
Moure Rodríguez, María José
Ramos Cabrer, Manuel
Riobó Lois, Alexo Breogán
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Vázquez Domínguez, María Isabel
Villar Lemos, María Ángeles

DESCULPA ASISTENCIA

Fenollera Bolíbar, María Inmaculada
Lantarón Caeiro, Eva María

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Estudos Propios da Universidade de Vigo do día 22 de decembro de dous mil vinte e un, convocada para as 9:55 h en primeira convocatoria, e ás 10:00 h en segunda convocatoria na Sala de Xuntas do 3º andar do edificio Ernestina Otero e de forma virtual na Sala de Xuntas 1 da Escola Aberta de Formación Permanente no Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **22 de decembro de 2021** ás 10:00 h deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos Propios, presidida pola Sra. Directora da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2021.

Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, de admisión de estudiantes do título propio de especialista en “Ciberseguridade industrial”

Punto cuarto: Aprobación, se procede, do calendario para a presentación e aprobación de títulos propios a impartir no primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023.

Punto quinto: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Advanced trading”.

Punto sexto: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Introducción á analítica de datos con Power BI”.

Punto séptimo: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Control estatístico de calidade con R”.

Punto octavo: Aprobación, se procede, da solicitude de acreditación na Consellería de Sanidade do título propio “Valor diagnóstico e prognóstico da monitoraxe ambulatoria da presión arterial”.

Punto noveno: Asuntos de trámite.

Punto décimo: Rogos e preguntas.

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2021.

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2021 coa abstención de Alexo Breogán Riobó Lois que xustifica por non ser membro da comisión nesa data.

Punto segundo: Informe da Directora de la Escola Aberta de Formación Permanente.

Intervén a Directora da Escola Aberta de Formación Permanente para informar, en primeiro lugar, sobre a organización na Universidade de Vigo da Xornada Técnica da RUEPEP sobre o RD 822/2021 os días 17 e 18 de xaneiro de 2022. Dada a situación actual, a Xunta Directiva da RUEPEP considera que o mais

axeitado é facer a reunión en formato semipresencial. Dedicarase o primeiro día 17 ao análise do Real Decreto e o seguinte día ao SIGC (Sistema Interno de Garantía de Calidade) dos títulos propios.

A Directora informa a continuación dos avances na implantación da nova ferramenta de xestión administrativa, SIGMA. Se está a avanzar tanto nas titulacións oficiais como na formación no regra. Espérase ter, para xaneiro, varias formacións incluídas no sistema no referente aos seus plans de estudos, xestión de preinscrición e matrícula, etc. A previsión é que a xestión de inscripción e matrícula de títulos do próximo curso académico se fagan na nova plataforma a partiros de mediados do mes de xuño.

A Directora informa a continuación do inicio das actividades de auto-formación no programa de formación permanente do profesorado, disponíveis na plataforma Moovi da Universidade de Vigo.

Por último, a Directora informa da celebración a finais de curso (abril o maio) dunha xornada de profesorado do Programa Universitario de Maiores da Universidade de Vigo.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, de admisión de estudiantes do título propio de especialista en “Ciberseguridade industrial”

A Directora informa da solicitude de admisión de tres estudiantes que optan a vía de acceso como profesionais de recoñecida e acreditada experiencia laboral: Alex Alonso Fernández, Ismael Martínez Calle, Emilio Prados Astigarrabía e Pablo González Parda. Vista a documentación presentada, e o informe favorable do coordinador do título, a Directora propón a aprobación das tres solicitudes de admisión.

Apróbanse as catro solicitudes de admisión por asentimento.

Punto cuarto: Aprobación, se procede, do calendario para a presentación e aprobación de títulos propios a impartir no primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023.

A Directora informa que, de acordo co regulamento dos programas de formación permanente, é preciso propor un calendario para a presentación e aprobación de títulos propios con máis de 15 ECTS. A Directora presenta unha proposta de calendario para os títulos a impartir no primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto quinto: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Advanced trading”.

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Advanced trading”. A Directora explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Ernesto López-Valeiras intervén para preguntar si existe algún criterio para avaliar a un profesor externo que non teña unha formación ou titulación adecuada. A Directora indica que si a coordinación do título considera que a persoa é axeitada para participar no curso é un punto de valor pero non é definitivo, ten que aproballo a comisión.

Alexo Breogán Riobó intervén para preguntar si existe algún tipo de rúbrica coa que se poda obxectivar a decisión da comisión. Maruxa Álvarez intervén para indicar que lle parece boa idea incorporar nesa rúbrica, cando sexa de aplicación, os resultados das enquisas realizadas nas anteriores edicións dos cursos.

A Directora indica que as enquisas van ser obrigatorias e que desde a EAfp vaise preparar unha proposta de rúbrica e unha proposta de enquisa que se presentará a aprobación nunha próxima comisión.

Apróbase a proposta, por asentimento

Punto sexto: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Introdución á analítica de datos con Power BI”.

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Introdución á analítica de datos con Power BI”. A Directora explica as principais características e contidos da documentación presentada xunto con un escrito de modificación dos prezos presentado polo director do título.

Alexo Breogán Riobó intervén para preguntar se a proposta económica do curso debería adaptarse a proposta de modificación de prezos presentada. A Directora aclara que a proposta económica non é un orzamento senón unha previsión económica e que faise referida as prazas mínimas do curso sen saber a tarifa que vai aboar cada persoa cando se matricule. Polo tanto, a modificación presentada non afecta a esa previsión de orzamento.

Miguel Cuevas Alonso intervén para preguntar si hai límites nos pagos a profesorado. A Directora indica que os prezos e taxas das ensinanzas propias apróbanse no Consello Social e os pagos por docencia e coordinación teñen que axustarse o que aprobou o Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Por outra banda, todos os cursos de formación e títulos propios teñen que ser autofinanciados.

Apróbase a proposta, por asentimento.

Punto séptimo: Aprobación, se procede, da proposta de curso de formación universitaria “Control estatístico de calidade con R”.

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Control estatístico de calidade con R”. A Directora explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta, por asentimento

Punto oitavo: Aprobación, se procede, da solicitude de acreditación na Consellería de Sanidade do título propio "Valor diagnóstico e prognóstico da monitoraxe ambulatoria da presión arterial".

A Directora informa da solicitude de acreditación na Consellería de Sanidade do título propio “Valor diagnóstico e prognóstico da monitoraxe ambulatoria da presión arterial”. A Directora explica as principais características e contidos da documentación presentada. Unha vez solicitada a acreditación, se presentará unha proposta de curso avanzado de posgrao na próxima Comisión de Estudos Propios.

Apróbase a solicitude de acreditación, por asentimento

Punto noveno: Asuntos de trámite.

No hai asuntos de trámite.

Punto décimo: Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:15 h do día 22 de decembro de 2021, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudios Propios.

A presidenta da Comisión de Estudos
Propios

María José Moure Rodríguez

O secretario da Comisión de Estudos
Propios

José Ignacio Armesto Quiroga